

Programación actividades 2025

Centro de Estudos Galegos de Varsovia

1. Poesía e música galega de tradición oral (Día das letras). Exposición e lectura (nas aulas) sobre a poesía de tradición oral, facendo fincapé nas homenaxeadas este ano polo Día das Letras Galegas. Obradoiro de escritura poética, baseado na poesía popular galega. O alumnado fará unha tarefa de investigación sobre as mulleres que transmitiron a poesía popular en lingua oral. Ademais, visualizarán os documentais do Consello da Cultura Galega sobre a música de tradición oral (Título: *Axúdame a cantar*).
2. Durante o mes de abril colaboraremos co European Union National Institutes for Culture nun proxecto titulado "Poemas na cidade". Unha composición de Ana Romaní (traducida por Aleksandra Jackiewicz) encherá de poesía as paradas de metro, tranvía, os paneis luminosos ou os parques de Varsovia.
3. Festival de curtametraxes *Male duze kino* en colaboración co Llull, o Etxepare e a Filmoteca Nacional de Polonia. Pola parte galega as curtas serán *Curricán* de ÁLVARO Gago e outra aínda por decidir de Diana Touceda (22-23-05.2024). Álvaro Gago tamén impartirá Varias conferencia sobre cine galego en Polonia.
4. Conferencia e outras actividades sobre ciencia ficción. En colaboración coa catedrática de literatura da UW Katarzyna Moszczyńska.
5. Seminarios sobre a emigración galega actual e a emigración galega de mulleres en xeral coas profesora Dolores Vilavedra, María Alonso Alonso e membros do Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega (Santiago de Compostela, actividade e datas por confirmar). O CEG de Varsovia está a traballar nun proxecto artístico visual e outras actividades sobre esta temática.
6. Congreso internacional sobre posthumanismo en colaboración cun grupo de investigación da UW e co proxecto "Posthuman Intersections in Irish and Galician Literatures" (Research Project, MCI and ERDF, ref. PID2022-136251NB-I00) da USC. Dentro desta mesma temática e en colaboración con estes mesmos grupos tamén se farán actividades de duración máis breve.
7. Participación no Simposio 40 aniversario da AIEG, do 30 de xuño e 2 de xullo (Santiago de Compostela).

8. Participación no Simposio *Estudios Ibéricos desde los márgenes: fricciones peninsulares en el s. XXI* 25-26 de noviembre de 2025 Cátedra de Estudios Ibéricos (Universidade de Évora).

